



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias novembro 2017**

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro deste ano 2017 acadou a cifra de 989.157 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de outubro de 747 afiliacións (un -0,08%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.417.756, rexistrando un descenso do 0,07% con respecto a outubro de 2017.

Na comparativa interanual (novembro de 2017 con novembro de 2016) obsérvase un incremento de 20.614 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,13%), e un incremento do 3,58% (637.232 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro de 2017 hai sete comunidades autónomas con taxas intermensuais negativas: Asturias, Galicia, Aragón, Cataluña, Extremadura, Cantabria, Castilla y León e Illes Balears. En senso contrario, as comunidades onde máis soben as afiliacións son Comunitat Valenciana (1,18%), Madrid (0,93%), Murcia (0,90%) e Canarias (0,66%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Illes Balears, Castilla La Mancha, Canarias, Comunitat Valenciana e Madrid (todas elas con taxas por riba do 4%). Galicia presenta unha taxa de variación relativa interanual do 2,1% superando porén a: Cantabria, País Vasco, Castilla y León e Asturias. No conxunto do estado atopamos un valor positivo do 3,58%.


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2017	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.417.756</b>	<b>-12.773</b>	<b>-0,07</b>	<b>637.232</b>	<b>3,58</b>
<b>Galicia</b>	<b>989.157</b>	<b>-747</b>	<b>-0,08</b>	<b>20.614</b>	<b>2,13</b>
Andalucía	2.970.393	11.786	0,40	110.780	3,87
Aragón	552.789	-587	-0,11	20.729	3,90
Asturias	360.334	-259	-0,07	6.076	1,72
Illes Balears	430.560	-78.974	-15,50	20.236	4,93
Canarias	783.939	5.157	0,66	33.938	4,53
Cantabria	211.547	-877	-0,41	4.354	2,10
Castilla La Mancha	681.738	2.218	0,33	30.351	4,66
Castilla y León	902.472	-5.832	-0,64	17.071	1,93
Cataluña	3.300.037	-4.037	-0,12	115.289	3,62
Comunitat Valenciana	1.834.889	21.324	1,18	73.078	4,15
Extremadura	385.594	-511	-0,13	9.854	2,62
Madrid	3.071.971	28.387	0,93	121.728	4,13
Murcia	555.594	4.968	0,90	21.094	3,95
Navarra	275.824	247	0,09	9.026	3,38
País Vasco	941.283	3.846	0,41	19.032	2,06
La Rioja	125.059	78	0,06	3.116	2,56
Ceuta e Melilla	44.577	1.042	2,39	869	1,99

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,84%, o que supón 9.470 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 1,98% e 8.247 afiliacións máis que en novembro de 2016. Lugo rexistrou o menor incremento relativo cunha taxa de variación do 1,30%, 1.553 afiliacións máis, e Ourense presenta un incremento relativo do 1,33% e 1.344 afiliacións máis que en novembro de 2016.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do pasado mes de outubro de 2017, rexistrouse un descenso en Galicia do -0,08%. Dúas das provincias galegas amosan datos positivos (Ourense e Pontevedra) e as outras dúas negativos (A Coruña e Lugo); sendo Lugo, cunha taxa de -0,72% e 874 afiliacións menos a que reflicte o peor comportamento.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2017	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	423.845	-176	-0,04	8.247	1,98
LUGO	120.694	-874	-0,72	1.553	1,30
OURENSE	102.264	68	0,07	1.344	1,33
PONTEVEDRA	342.354	235	0,07	9.470	2,84
<b>GALICIA</b>	<b>989.157</b>	<b>-747</b>	<b>-0,08</b>	<b>20.614</b>	<b>2,13</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.417.756</b>	<b>-12.773</b>	<b>-0,07</b>	<b>637.232</b>	<b>3,58</b>


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,2% das afiliacións galegas en novembro de 2017, descenderon un 0,05% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,11%. En España estas taxas foron do -0,03% con respecto a outubro de 2017 e do 4,27% en relación ao mes de novembro de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,4%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,04%, sendo Lugo e Ourense as que amosan peor comportamento, cunhas taxas negativas do -1,50% e -1,31% respectivamente. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son tamén negativas en todas as provincias galegas, tendo así unha taxa do -0,26% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta variación negativa con respecto a outubro de 2017 (-0,22%) e positiva con respecto a novembro de 2016 (0,53%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a novembro de 2016 son positivas para as provincias de Lugo e Pontevedra, sendo esta última a que presenta o maior incremento, 1,11%. As taxas intermensuais amosan o mesmo comportamento para as tres provincias; A Coruña ten a taxa de variación positiva máis alta (1,22%), seguida de Lugo (1,13%) e Pontevedra (0,55%). A taxa galega amosa un incremento do 0,79% con respecto ao pasado mes de outubro e do 0,66% se a comparación se realiza con novembro de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	423.845	-0,04	1,98
LUGO	120.694	-0,72	1,30
OURENSE	102.264	0,07	1,33
PONTEVEDRA	342.354	0,07	2,84
GALICIA	989.157	-0,08	2,13
ESPAÑA	18.417.756	-0,07	3,58
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	330.941	-0,02	2,84
LUGO	83.796	-0,91	2,56
OURENSE	77.160	0,14	2,22
PONTEVEDRA	261.593	0,14	3,90
GALICIA	753.490	-0,05	3,11
ESPAÑA	15.139.984	-0,03	4,27
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	86.450	-0,21	-0,99
LUGO	35.293	-0,34	-1,50
OURENSE	25.104	-0,16	-1,31
PONTEVEDRA	66.857	-0,32	-0,75
GALICIA	213.704	-0,26	-1,04
ESPAÑA	3.210.880	-0,22	0,53
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	6.453	1,22	-0,19
LUGO	1.605	1,13	0,19
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.903	0,55	1,11
GALICIA	21.961	0,79	0,66
ESPAÑA	64.468	-1,29	0,60

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>